

PLAN DE CONVIVENCIA
IES DE BEADE
VIGO

1. INTRODUCCIÓN

De acordo co establecido no artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), o presente Plan de Convivencia do Centro formará parte do Proxecto Educativo.

Este Plan ten como fin recoller as condicións necesarias que se deben dar no centro para garantir un clima de boa convivencia, na que as relacións interpersoais se dean sen alta conflictividade.

Debemos ter presente que o conflito é parte da vida e das relacións entre as persoas, polo que non debemos entendelo negativamente, senón que debemos aprender desas experiencias, debemos aprender a convivir con el e aprender a resolvelos de maneira pacífica e democrática, de forma que nos enriquezan e poidamos vivir sen crispación.

Por todo isto, este Plan tratará de recoller dous tipos de accións: unhas preventivas, que poñan as bases antes de que xurdan os conflitos, que nos axuden a dar respostas e solucións axeitadas na resolución deses conflitos; e outras de intervención, nos casos en que o conflito se manifeste. Estas intervencións remediais e reeducativas terán diferentes formas de aplicación.

Cando falamos de conflito no centro educativo nos podemos estar referindo entre outros a:

- Condutas disruptivas nos espazos educativos: comportamentos que impiden un desenvolvemento normal da clase, como poden ser: falar cando non é o momento, levantarse, facer comentarios fóra do tema, facer ruídos, non traer o material, non facer as tarefas, molestar, tirar obxectos...
- Faltas reiteradas a clase sen xustificación, ou ausentarse do centro sen permiso ou chegar reiteradamente tarde as clases.
- Faltas de respecto entre os membros da comunidade escolar, ben sexa entre profesorado-alumnado, persoal non docente/profesorado, pais, alumnado,pais/nais-profesorado, alumno-alumno, etc.
- Calquera das formas en que se pode manifestar o *bullying* ou maltrato escolar, ben sexa físico ou psicolóxico.
- Actos puros de vandalismo con danos físicos ou materiais ás instalacións ou recursos do centro.
- Trato discriminatorio por razón de sexo, cultura, relixión, ideoloxía...

- Uso, consumo e venda de substancias nocivas para o corpo non propiciando actitudes que favorezan hábitos saudables nin bo aproveitamento do tempo de ocio.

2. CONTEXTO

A descrición e as características do IES Beade están escritas detalladamente no Proxecto Educativo (ubicación, instalacións, recursos, etc).

3. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA

A situación da convivencia do centro a nivel xeral caracterízase por ser boa. As relacións que se establecen entre os diferentes membros da comunidade educativa son as seguintes:

RELACIÓNS	CARACTERÍSTICAS
PROFESORADO/PROFESORADO	Normais, fluídas e respectuosas. Puntualmente aparecen discrepancias profesionais.
PROFESORADO/PAIS	Normais. Ocasionalmente aparecen conflitos que xeralmente desaparecen despois de clarificados os feitos.
PAIS, PROFESORADO, ALUMNADO/PERSOAL NON DOCENTE	Non se presentan situacións conflictivas e as relacións son moi boas.
ALUMNADO/PROFESORADO	Son as relacións que producen o maior número de conflitos. Sen ser estes dos mais graves e sendo un número baixo do alumnado os que as producen.
ALUMNADO/ALUMNADO	Son relacións que xeran algúns dos conflitos mais problemático e sendo un número pequeno do alumnado os que as producen.

As condutas ou comportamentos que provocan estes conflitos son:

FRECUENCIA	COMPORTAMENTOS OU CONFLITOS
ALTA	<ul style="list-style-type: none"> • Absentismo escolar: con moitas faltas inxustificadas por non asistir a clase. Especialmente en bacharelato. • Disrupción na aula: incumprimento das normas básicas da clase con mal comportamento.
	<ul style="list-style-type: none"> • Faltas de respecto ao profesorado

BAIXA

- Fumar no recinto escolar
- Estragos no material e nas instalacións
- Participar en pelexas
- Saír do centro sen permiso

4.- NECESIDADES XERAIS DETECTADAS

- Necesidade de implicar a pais e alumnado na importancia e obrigatoriedade da asistencia a clase.
- Necesidade de incrementar a participación do alumnado na aula cunha actitude de traballo e esforzo que favoreza a boa convivencia.
- Necesidade de coñecer e aplicar técnicas de resolución de conflitos baseadas no respecto, no diálogo e na ausencia da violencia.
- Necesidade de fomentar hábitos de saúde e ocio positivos.
- Necesidade de concienciar ao alumnado sobre a importancia do coidado e respecto polos bens comúns (instalacións e materiais).
- Necesidade de clarificar o que é e non é o acoso escolar, para saber discriminar cando estamos ante unha situación deste tipo e poder erradicala no mesmo momento en que se detecte.
- Necesidade de pór en marcha actividades de acollida ao centro para crear un bo clima de adaptación e convivencia dende o principio de curso.
- Necesidade de fomentar a participación e implicación do alumnado e profesorado na organización das actividades do centro: tanto de xestión do propio centro, como de innovación e investigación, de actividades extraescolares e complementarias.

5.- OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA

O Decreto 85/2007 de 8 de Maio de 2.007 implanta en cada centro un Observatorio da Convivencia Escolar .

As súas funcións específicas son:

- a) A participación na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.
- b) A elaboración dun informe anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro. Este informe será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.
- c) A coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia.

- d) Propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.
- e) Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio

O Observatorio manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Estará integrado por:

- a) O director do centro, a quen lle corresponderá a presidencia.
- b) O xefe de estudos, a quen lle corresponderá a vicepresidencia.
- c) Un representante do profesorado, que no presente curso será o Coordinador do Plan de Convivencia.
- d) O orientador do centro.
- e) Unha persoa representante do alumnado.
- f) Unha persoa representante de pais e nais.
- g) A persoa do consello escolar do centro que desempeñe a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación.
- h) Unha persoa representante do persoal non docente.

Unha das persoas anteditas, con destino no centro educativo, actuará como secretario ou secretaria e levantará acta.

Estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

Na composición deste observatorio teremos en conta a composición equilibrada de mulleres e homes, sempre que sexa posible.

6.- PLAN DE ACTUACIÓN

6.1.- COMPETENCIAS BÁSICAS

6.2.- OBXECTIVOS

6.3.- LIÑAS DE INTERVENCIÓN

6.4.- ACTUACIÓNS PREVENTIVAS

6.5.- PROTOCOLOS DE INTERVENCIÓN

6.6- AVALIACIÓN

6.1.- COMPETENCIAS BÁSICAS QUE DESENVOLVE

COMPETENCIA BÁSICA	Os aspectos da competencia que se desenvolverán son:
5.COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	<p>5.1- Saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia, resolvelos con actitude construtiva e tomar decisións con autonomía empregando, tanto os coñecementos sobre a sociedade como unha escala de valores construída mediante a reflexión crítica e o diálogo no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade.</p> <p>5.2.- Coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de pórse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio.</p> <p>5.3.- Participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas</p> <p>5.4.-Tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo.</p> <p>5.5.- Entender que unha posición persoal é ética se está baseada no respecto aos principios ou valores universais da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e da Infancia.</p> <p>5.6.- Valorar as diferenzas á vez que o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.</p> <p>5.7.- Practicar o diálogo e a negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos, tanto no ámbito persoal como no social.</p> <p>5.8.-Reflexionar criticamente sobre os conceptos de democracia, mostrar un comportamento coherente cos valores democráticos, que á súa vez leva dispor de habilidades como a toma de conciencia dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións e o control e autorregulación dos mesmos.</p> <p>5.9.- Construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordadas cos valores democráticos, exercitar os dereitos, liberdades, responsabilidades e deberes cívicos e defender os dereitos dos demais.</p>

<p>1.COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</p>	<p>1.1.- Utilizar a linguaxe oral e escrita para representar, interpretar e comprender a realidade.</p> <p>1.2.- Construír e comunicar coñecementos, pensamentos, emocións, vivencias e opinións a través da linguaxe oral e escrita.</p> <p>1.3.- Dialogar, xerar ideas, estruturar o coñecemento e formar un xuízo crítico e ético a través da cohesión e coherencia do discurso oral ou escrito.</p> <p>1.4.- Establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, que se baseen na igualdade entre homes e mulleres.</p> <p>1.5.- Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes coa situación comunicativa, aplicando as regras de funcionamento e as estratexias para interactuar lingüisticamente.</p> <p>1.6.- Ter conciencia das convencións sociais, os valores e aspectos culturais e da versatilidade da lingua en función do contexto e da intención comunicativa.</p> <p>1.7.- Favorecer a capacidade empática de pórse no lugar dos outros, ter en conta as opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico, expresando as súas ideas e emocións e aceptando e realizando críticas con carácter construtivo.</p>
<p>7.APRENDER A APRENDER</p>	<p>7.1.- Expor metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e cumprilas, elevando os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva e realista.</p> <p>7.2.- Ter perseveranza na aprendizaxe, dende a súa valoración como un elemento que enriquece a vida persoal e social e que é, xa que logo, merecedor do esforzo que require.</p> <p>7.3.- Ser capaz de autoavaliarse e autorregularse, responsabilidade e compromiso persoal, saber administrar o esforzo, aceptar os erros e aprender dos demais.</p> <p>7.4.- Dispor dun sentimento de competencia persoal, que redunda na motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.</p>
	<p>8.1.- Adquirir e aplicar un conxunto de valores e actitudes persoais como: a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas.</p>

<p>8. AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL</p>	<p>8.2.- Ter unha visión estratéxica dos retos e oportunidades que axude a identificar e cumprir obxectivos e a manter a motivación para lograr o éxito nas tarefas emprendidas, cunha soa ambición persoal, académica e profesional.</p> <p>8.3.- Ser quen de pór en relación a oferta académica, laboral ou de lecer dispoñible, coas capacidades, desexos e proxectos persoais.</p> <p>8.4.- Dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: pórse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible.</p>
--	---

6.2.- OBXECTIVOS XERAIS

- Coñecer, interiorizar e implementar na vida diaria actuacións que teñan como base os valores cívicos e democráticos de respecto, liberdade, solidariedade, igualdade.
- Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa fomentando a súa implicación na vida do centro.
- Conseguir a integración de todo o alumnado favorecendo actitudes de respecto e valorando as diferenzas por razón de raza, sexo, déficits, crenza, etc.
- Formar os membros da comunidade educativa sobre o acoso escolar para poder previr posibles situacións de intimidación entre iguais ou poder dar resposta inmediata a ditas actuacións.
- Previr os conflitos entre os distintos sectores da Comunidade Educativa dando a coñecer e sensibilizándoos sobre as normas de convivencia do centro recollidas neste documento.
- Propiciar a aprendizaxe de diferentes habilidades sociais necesarias para favorecer a socialización do alumnado.
- Formar a toda a comunidade educativa sobre o conflito e as diferentes técnicas de resolución e de mediación escolar.
- Fomentar hábitos de vida saudable e implementalos na vida cotiá.

6.3.- LIÑAS DE INTERVENCIÓN

As liñas de intervención prioritarias serán:

1. Acollida ao centro
2. Absentismo escolar
3. Normas de convivencia
4. Acoso entre iguais
5. Resolución de conflitos e mediación
6. Igualdade: xénero, raza, relixión, discapacidade
7. Educación para a saúde
8. Educación para o ocio

Estas liñas de intervención serán traballadas dende diferentes canles, as máis importantes:

- Todas as áreas curriculares, sobre todo aquelas que mais relación teñen con estas liñas de intervención: educación para a cidadanía, ciencias sociais, xeografía e historia, filosofía, bioloxía, idiomas, artesanía e alimentación, etc.
- As titorías presenciais co grupo-clase.
- As titorías individuais.
- As actividades extraescolares e complementarias.
- Aplicación do plan de convivencia por parte do equipo directivo e observatorio da convivencia.
- Intervencións puntuais de todo o profesorado do centro.

6.4.- ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN

LIÑA DE INTERVENCIÓN	ACTIVIDADES	DIRIXIDO A...	RESPONSABLE	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN	CANLE
ACOLLIDA AO CENTRO	As recollidas no programa de acollida	Toda comunidade educativa	Ver cada actividade	Programa de acollida	O principio de curso e cando haxa unha nova incorporación	Titorías Cada área
ABSENTISMO ESCOLAR	Charla sobre absentismo.	Alumnado e nais/pais	Directora Titores	Protocolo de actuación	O principio de curso	Titorías
	Cumprimentación de protocolos de actuación	Alumnado	Profesorado, titores e xefe estudos	Folla de rexistro e xade	Ao longo de todo o curso	En cada área e o titor na hora de titoría alumnos
NORMAS DE CONVIVENCIA	Charla sobre as normas de convivencia do centro e do centro	Alumnado, nais e pais	Titores	Programa Acollida	Primeiro mes de clase	Titoría e cada área.
	Elaboración participativa das normas da aula en cada materia	Alumnado	Profesor área	Programación departament.	Primeiro mes de clase	Cada área

Plan de Convivencia - IES de Beade

LIÑA DE INTERVENCIÓN	ACTIVIDADES	DIRIXIDO A...	RESPONSABLE	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN	CANLE
NORMAS DE CONVIVENCIA	Charla de benvida aos pais/nais na que se abordarán as normas de convivencia do centro	Nais e pais 1º ESO	Directo/a	RRI Programa acolida	Setembro	
ACOSO ENTRE IGUAIS	Charlas sobre acoso escolar	1º e 2º ESO Pais e Nais Profesorado	Titor/a Orientadora	Prog. Acoso entre Iguais Plan Director...	2º trimestre	Titoría
	Cumprimentación de enquisas sobre acoso escolar para detectar casos	1º ESO e grupos onde haxa indicios.	Titor/a orientadora	Prog. Acoso Cuestionario	2º trimestre ou calquera momento do curso	Titoría
	<i>Role playing</i> sobre situacións de acoso	1º e 2º ESO	Titor/a	Prog. Acoso Situac. tipo	2º trimestre	Titoría
	Investigación na prensa e internet sobre o tema	1º e 2º ESO	Titor/a	Prog. Acoso: pax. web, periódicos...	2º trimestre	Titoría
	Visionado de películas sobre o tema	1º e 2º ESO	Titor/a	Rebeldes	2º trimestre	Titoría

Plan de Convivencia - IES de Beade

LIÑA DE INTERVENCIÓN	ACTIVIDADES	DIRIXIDO A...	RESPONSABLE	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN	CANLE
RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	Charla sobre que é o conflito, como respondemos ante el: busca de definicións, de conflitos no mundo, na vida diaria.	1º e 2º ESO	Titor/a Axente externo	Guión da charla	1º trimestre	Ttoría, act. Complementen.
	Actividades sobre Autoconcepto e autoestima	1º e 2º ESO	Titor/a Dpto. Orientación	Fichas. Taller "Empatía" concello	1º trimestre	titoría
	Actividades de <i>role playing</i> para desenvolver habilidades sociais	1º e 2º ESO	Titor/a Dpto. Orientación	Modelos prácticos	1º trimestre	Titoría
	<i>Role playing</i> sobre conflitos reais e a aplicación práctica dos diferentes pasos	1º e 2º ESO	Titor/a Dpto. Orientación	Guión prácticos pasos	1º trimestre	Titoría
	Charla sobre mediación	Alumnado 1º ESO	Axente externo	Guión da charla	1º trimestre	Act. Compl.
	Charla sobre intelixencia emocional	Alumnado de 3º e 4º ESO	Axente externo	Guión da charla	2º trimestre	Act. Complement.

Plan de Convivencia - IES de Beade

LIÑA DE INTERVENCIÓN	ACTIVIDADES	DIRIXIDO A...	RESPONSABLE	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN	CANLE
IGUALDADE	Actividades sobre estereotipos sexuais e visionado de películas	Alumnado de 1º e 2º de ESO	Coord. Convivenc Orientadora	Billy Elliot Las mujeres...	2º trimestre	Titoría
	Charla sobre violencia de xénero	3º, 4º e 1º BAC	Coord. Conviven Orient. Vicedirecc.	Mulleres Progresistas	2º trimestre	Acti. Compl.
	Exposicións sobre as mulleres na historia	todos	Profesorado xeral	Materiais dptos didácticos	2º trimestre	Areas
	Webquests sobre igualdade de xénero	3º, 4º	Titor/a	Webquests	2º trimestre	Titoría
	Charla sobre racismo e xenofobia	3º, 4º, 1º BAC	Coord. Conviven Orienta, Vicedirección	Axente externo	2º trimestre	Act. Comp.
	Visionado de películas sobre racismo	3º, 4º, 1º BAC	Titor/a Profesorado	Titor/ prof. área	2º trimestre	Titoría e áreas
	Charla sobre igualdade ante as diferenzas	1º, 2º	Coord. Conviv Orient. Vicedirección	Guión charla	2º trimestre	Act. Compl.
	Webquest e películas sobre as diferenzas por déficits	1º, 2º	Titor/a	Pax. web Asoci Síndrome Down Forrest Gump	2º trimestre	Titoría

LIÑA DE INTERVENCIÓN	ACTIVIDADES	DIRIXIDO A...	RESPONSABLE	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN	CANLE
SAÚDE E OCIO	Charla sobre educación sexual	4º	Coord. Convi, Viced, Dpto. Bioloxía, Dpto orientación.	Quérote	2º trimestre	Act. Compl.
	Charla sobre prevención do embarazo	3º	Dpto. Bioloxía, Vicedirección.	Centro saúde	2º trimestre	Area bioloxía, act. Compl.
	Charla sobre prevención de drogas	1º,2º,3º,4º,1º BAC	Coord. convi, Orienta, vicedirección.	Plan director Cárcere A Lama Alborada	2º trimestre	Act. Compl.
	Charla sobre os usos de Internet	3º,4º,1º BAC	Coord. conviv, Orient, vicedirección.	Plan director	2º trimestre	Act. Comp.

6.5.- PROTOCOLOS DE INTERVENCIÓN

6.5.1.- PROGRAMA DE ACOLLIDA AO CENTRO

Neste apartado trataremos as actuacións dirixidas tanto ao alumnado como ao profesorado e nais/pais.

1.- Acollida do alumnado

1.1.- Alumnado novo que se incorpora a 1º ESO ao inicio de curso

- Celebrarase un "Día de portas abertas" no mes de maio con todos os alumnos dos centros adscritos de 6º de primaria. Esta visita consistirá na resolución de dúbidas sobre a nova etapa e o novo centro que tratarán de resolver os compañeiros que están en 1º de ESO. Ademais farán unha visita polas instalacións do centro.
- No mes de setembro no día da presentación serán recibidos polos seus titores, que xa lles dará información sobre o novo curso: horarios, profesorado, normas xerais, etc.
- Durante o primeiro mes de clase e nas sesións de tutoría se realizarán as actividades propias do programa de acollida: cumprimentación de cuestionarios, actividades para coñecer aos compañeiros, consensuar normas de clase e centro, coñecer o regulamento de réxime interno, etc.
- Nos primeiros días cada profesor de cada materia explicará o funcionamento e normas da súa clase, materiais, etc. ademais de facer unha recollida de datos de avaliación inicial de cada un dos alumnos/as.
- O departamento de orientación levará a cabo o "Programa de prevención de Dificultades de Aprendizaxe" co fin de recoller datos para a avaliación inicial.

1.2.- Alumnado que procede doutro centro educativo

- O Director ou Xefe de Estudos reunirse coa familia para recoller datos do alumno ou alumna (datos familiares, domicilio, dificultades de aprendizaxe, etc.).
- Nesta entrevista tamén se informará ás familias sobre aspectos de funcionamento e organización do centro (horario, calendario escolar, normas, ANPA, etc.). Para determinadas situacións pódese informar sobre os Servizos Sociais que sirvan de referencia.
- Os pais/nais e o alumno manterán unha entrevista coa xefa do dpto. de orientación co fin de recoller datos para a avaliación inicial.
- O alumno ou alumna adscribirase a un grupo atendendo a súa idade e curso no que estaba matriculado.

- A Xefatura de Estudos transmitiralle a información dispoñible do alumno ou alumna ao Titor ou Titora.
- O Titor ou Titora comunicará a nova incorporación ao profesorado que imparte docencia no grupo.
- O alumno ou alumna será presentado en clase polo Titor ou Titora a todos os compañeiros explicando da maneira máis natural a súa situación.
- O Titor ou Titora controlará, ca axuda do resto do profesorado, que as relacións que se vaian establecendo sexan as naturais pola idade, evitando o proteccionismo excesivo pero evitando actitudes de rexeitamento ou menosprezo.
- Durante o primeiro mes, aproximadamente, o Titor ou Titora observará o comportamento do alumno ou alumna e a adaptación ao centro. Se se considera que non é axeitada, comunicarao á Xefatura de Estudos e ao Departamento de Orientación.

1.3.- Alumnado inmigrante

- O Director ou Xefe de Estudos reunirse coa familia para recoller datos do alumno ou alumna (datos familiares, domicilio, etc.). necesarios para formalizar a matrícula.
 - Nesta entrevista tamén se informará ás familias sobre aspectos de funcionamento e organización do centro (horario, calendario escolar, normas, ANPA, etc.). Para determinadas situacións pódese informar sobre os Servizos Sociais que sirvan de referencia.
 - Despois terán unha entrevista coa orientadora, que recollerá datos académicos do alumno/a, do sistema educativo do que procede, etc, para facer unha primeira valoración do nivel do alumno/a.
 - Nunha reunión da Xefatura de Estudos e Dpto. de Orientación, farase unha primeira adscrición do alumno/a a un curso. Esta adscrición será provisional, en espera dos datos recollidos polo equipo docente da avaliación inicial.
- Na adscrición terase en conta que nun grupo de idade homoxéneo é máis fácil a socialización, pero se o desfase de coñecementos é grande, hai que valorar a posibilidade de adscrición a un nivel por debaixo da súa idade. Débese valorar a dinámica do grupo no cal se vai a integrar e se hai outros alumnos inmigrantes na aula para evitar a concentración.
- A Xefatura de Estudos transmitiralle a información dispoñible do alumno ou alumna ao Titor ou Titora.
 - O Titor ou Titora comunicará a nova incorporación ao profesorado que imparte docencia no grupo.
 - O alumno ou alumna será presentado en clase polo Titor ou Titora a todos os compañeiros explicando da maneira máis natural a súa situación. Asignaráselle un

alumno ou dous como titores nos primeiros días que mostrarán o centro e as dependencias, preocuparase de resolverlle as dúbidas, preocuparse de que non estea só nos recreos, etc.

- O Titor ou Titora controlará, coa axuda do resto do profesorado, que as relacións que se vaian establecendo sexan as naturais pola idade, evitando o proteccionismo excesivo pero evitando actitudes de rexeitamento ou menosprezo.

- En 7 ou 10 días, convocarase reunión do equipo docente para valorar se a adscrición está ben realizada ou se convén pasar o alumno a outro nivel.

2) Acollida do profesorado:

- Presentación ao director e xefe de estudos ao chegar ao centro.

- Cumprimentación na secretaría da documentación necesaria.

- Reunión co Xefe de Estudos para informarlle: dos grupos nos que ten que impartir clase, horario, normas organizativas, de convivencia, etc. Achegándolle toda esta información nun *dossier* preparado para tal fin. E facer unha primeira visita polas dependencias do centro e presentación do profesorado dispoñible.

- Presentación ao xefe do departamento no que está adscrito e reunión con este, para informarlle sobre aspectos curriculares, exames de trimestre, de pendentos, etc.

- Facilitarlle unha conversa co profesor/a ao que substitúe.

3) Acollida nais/pais:

- Realizarase unha charla en grupo coas nais/pais do alumnado novo de 1º de ESO, para explicarlles o funcionamento do centro, a nova etapa educativa e aproveitar para a visita as instalacións do centro.

6.5.2.- NORMAS DE CONVIVENCIA

As condutas contrarias á convivencia do centro que serán motivo de intervención serán:

- Disrupción nas aulas
 - Falar cando non é o momento
 - Levantarse sen permiso
 - Tirar obxectos
 - Non traer o material
 - Non quitar o material
 - Non realizar as tarefas

- Non atender as explicacións
 - Facer ruídos
 - Facer preguntas fóra do tema
 - Comer ou beber na clase
 - Xogar con obxectos: móbil, mp3, etc.
 - Outras
-
- Furtos ou roubos
 - Desfeitas ou mal uso dos recursos, materiais ou instalacións
 - Faltas de respecto os membros da comunidade educativa
 - Insultos
 - Coacción
 - Ameazas
 - Contestacións inadecuadas: contido (palabrotas, expresións pouco acertadas...) ou forma (berrar, xesticular...)
 - Saídas de clase de maneira violenta, portazos ou negarse a saír.
 - Agresión física (patadas, labazadas, pelexas)
 - Gravacións co móbil
 - Discriminación por razón de sexo, etnia, déficit, etc.
 - Uso de alcumes despectivos.
 - Outras
-
- Absentismo:
 - Faltas inxustificadas
 - Puntualidade
 - Saídas do centro en horario escolar sen permiso
-
- Consumo ou venda de drogas:
 - Consumo de tabaco, alcohol, haxix, cannabis...
 - Venda de drogas no centro o na porta do centro
-
- Acoso escolar
 - Físico
 - Psíquico

Por todo isto, o amparo Real Decreto 732/1995 do 5 de maio (BOE do 2 de xuño de 1995) os alumnos deberán respectar as seguintes normas:

1. Puntualidade, tanto na hora de entrada no centro coma nos cambios de clase.

2. Os alumnos permanecerán no centro durante a xornada escolar. Se algún alumno ten que saír por causa xustificada deberá traer unha nota dos seus pais e entregala en conserxería para o seu control por parte da dirección do centro. No caso dun imprevisto que o obrigue a saír deberá comunicalo á dirección do centro. A Dirección do centro non se fai responsable das actuacións dun alumno que estea indebidamente fóra do centro no horario escolar.

3. Os alumnos deben de traer cada día o material necesario para o seguimento axeitado das clases.

4. Non está permitido o uso de teléfonos móbiles, cámaras fotográficas, gravadoras, MP3 no centro. A dirección do centro non se responsabiliza de posibles perdas ou roubos de calquera aparato innecesario nos seus estudos.

5. Nos recreos o alumnado non poderá permanecer no segundo andar, nin correr nin berrar no interior do edificio. Tampouco poderán realizar xogos violentos nin interromper o paso permanecendo nos corredores ou nas escaleiras de acceso ós andares. Recoméndase que, se non chove, os alumnos saian ao patio durante os recreos, podendo pedir balóns de fútbol ou de baloncesto en conserxería para xogar nas pistas, sempre que algún deles se faga responsable do material deportivo e deixe un carné identificativo que se lle devolverá unha vez entreguen o balón.

6. Segundo o establecido na lexislación vixente está prohibido fumar en todo o recinto educativo.

7. Non está permitido o consumo de chicles e pipas no centro, nin tirar papeis ou lixo no chan.

8. Non están permitidos os xogos de azar no centro.

9. É responsabilidade do alumno coidar e manter en bo estado o material do centro. Considéranse actitudes en contra pintar no mobiliario das aulas, facer pintadas nas paredes (tanto no interior como no exterior do centro) ou facer estragos intencionados.

10. O comportamento e indumentaria dos alumnos deberán de ser os axeitados tanto no centro coma nos autobuses e nas saídas extraescolares.

11. Toda conduta que supoña discriminación por cuestión sociais, de etnia, sexo, etc., ou calquera tipo de menosprezo cara a un compañeiro non será tolerada no centro.

TIPIFICACIÓN DE FALTAS

Os diferentes comportamentos contrarios a convivencia clasificaranse en falta leve, grave o moi grave atendendo aos seguintes criterios:

1. FALTAS LEVES:

- Deterioro leve e non intencionado de materiais (sexan do centro, compañeiros ou profesorado)
- Interromper as clases, molestar ou chegar tarde
- Absentismo leve
- Trato incorrecto a calquera membro da comunidade.
- Non traer o material
- Ter conectado o móbil
- Comer e beber dentro da aula

2. FALTAS GRAVES:

- Acumulación de 3 faltas leves
- Ameazas ou agresión a calquera membro da comunidade educativa
- Pelexas fortes e agresivas.
- Desfeitas intencionadas.
- Roubos e furtos.
- Utilización do móbil.
- Escaparse do centro durante horario lectivo.
- Falsificación do boletín de notas.
- Alteración grave do funcionamento das clases.
- Fumar nas dependencias.
- Introducción e/o consumo de sustancias dentro do recinto escolar.
- Absentismo de mais de 20 faltas sen xustificar.
- Uso indebido dos ordenadores.
- Copiar en exames ou calquera actuación irregular para conseguir unha cualificación superior a merecida.

3. FALTAS MOI GRAVES:

- Acumulación de 3 faltas graves
- Agresión física grave
- Actos de indisciplina, inxuria ou ofensa moi graves ou reiterados.
- Suplantación da personalidade, subtracción ou falsificación de documentos do centro.

- Causar intencionadamente danos graves nos materiais e obxectos persoais.
- Venda de sustancias prexudiciais para a saúde
- Absentismo superior a 30 faltas sen xustificar

Esta faltas considéranse tanto dentro do centro como fóra, cando sexan en horario lectivo e teñan relación coa actividade escolar.

PROTOCOLO NOS CASOS DE INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA (RRI)

1. Ante unha falta leve na que hai unha amoestación verbal por parte do profesor, se este o considera conveniente, anotarana no parte de faltas do curso como unha falta de orde e comunicarana ao titor coa maior brevidade posible.

2. En caso de que un profesor considere que hai falta grave, sexa na clase, nos cambios de clase ou nos recreos, este poderá optar por:

- Enviar ao alumno á sala de profesores, onde será anotado polo profesor de garda no libro de incidencias habilitado para este fin. Se é durante unha clase, despois de ser anotado, o alumno incorporárase á aula.
- Enviar ao alumno a presentarse á Xefatura de Estudos. Neste caso o alumno non poderá volver a incorporarse a esa clase e recibirá unha amoestación por escrito que deberá devolver ao día seguinte asinada polos seus pais ou titores legais, sen prexuízo de que a Dirección decida outro tipo de medida correctora.

3. Os titores comprobarán semanalmente as incidencias anotadas dos alumnos do seu grupo, poñeranse en contacto cos pais ou titores legais dos alumnos e propoñerán as medidas correctoras que estimen oportunas ante a Xefatura de Estudos.

4. Como norma xeral, dúas anotacións no libro de incidencias suporá como medida correctora unha amoestación por escrito para o alumno, quen a deberá devolver asinada polos seus pais ou titores legais ao día seguinte. Excepcionalmente, a dirección poderá tomar outra decisión ao respecto.

5. Ter tres amoestacións por escrito por parte dun alumno será considerado unha conduta prexudicial para a convivencia no centro e se lle impondrá como nova

medida correctora a perda do dereito de asistencia ao centro dun a tres días lectivos.

6. Calquera conduta dun alumno considerada prexudicial para a convivencia no centro por un membro da comunidade educativa será analizada pola Dirección do centro e poderá ser sancionado coa perda do dereito de asistencia ao centro de un a tres días ou coa apertura dun expediente disciplinario se é considerada gravemente prexudicial para a convivencia. Neste último caso, o alumno poderá ser privado cautelarmente do dereito de asistencia ao centro.

7. O nomeamento dos profesores instrutores dos expedientes farase por orde alfabética segundo a listaxe dos profesores que compoñen o claustro, incluíndo cada ano aos profesores en expectativa de destino ou interinos, e excluindo os profesores substitutos e a aqueles que dean clase ao alumno ou estean directamente relacionados co caso. O control da listaxe do profesorado que vai sendo nomeado instrutor farase na secretaría do centro.

8. O procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios será o marcado na Sección 2ª do Capítulo III (Artigos 54, 55 e 56) do Real Decreto 732/1995.

CIRCUNSTANCIAS ATENUANTES E AGRAVANTES

ATENUANTES	AGRAVANTES
A espontánea confesión da falta, antes de que a dirección do centro teña coñecemento.	Cando a subtracción, agresión, ofensa, etc. concorra nun alumno recen chegado ao centro, teña minusvalía e análogas.
Non ser obxecto de sanción con anterioridade na súa vida académica	Reincidencia de tres faltas no mesmo curso.
A reparación dos danos causados, fóra do horario lectivo, efectuada antes da aplicación da sanción.	A publicidade da infracción.
A petición pública de excusas, estimadas suficientes.	Cometer a falta en grupo e mediante acordo previo
Non ter intención de causar mal, dano ou	A incitación ao estímulo á falta

prexuízo tan grave como o ocasionado	cometida
Ter diagnóstico recoñecido de problemas de comportamento ou deficiencia.	A premeditación

PROTOCOLO ACTUACIÓN POR FALTAS DE ASISTENCIA DOS ALUMNOS (RRI)

O alumnado deberá xustificar as súas faltas de asistencia ao incorporarse ao centro, de non telo feito con antelación. De non ter xustificación médica ou oficial da falta, os pais ou titores legais deberán de comunicar o motivo da ausencia por escrito e asinado.

CONTROL DE FALTAS

- O profesorado deberá pasar lista en cada sesión lectiva e reflectir nos partes que a tal fin proporcionará a Dirección as ausencias ou retrasos dos alumnos de cada grupo e introducirá semanalmente as faltas dos alumnos por sesión e materia na aplicación do XADE. Os partes asinados por cada profesor depositaranse nun arquivador habilitado para tal fin e que estará a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos.
- O alumnado deberá xustificar as súas faltas de asistencia ao incorporarse ao centro, de non telo feito con antelación. De non ter xustificación médica ou oficial da falta, os pais ou titores legais deberán de comunicar o motivo da ausencia por escrito e asinado.
- Os titores introducirán semanalmente no XADE as xustificacións das faltas dos seus tutelados e poranse en contacto cos pais ou titores dos alumnos sempre e cando estas non se xustifiquen. Cada quince días porase en coñecemento da Xefatura de Estudos os nomes dos alumnos que falten inxustificadamente e procederase a enviar unha amoestación por escrito.
- A Xefatura de Estudos fará un seguimento mensual do control das faltas dos alumnos.

MEDIDAS CORRECTORAS POR FALTAS INXUSTIFICADAS

1. Cada dez horas sen xustificar suporá unha amoestación por escrito que se tramitará dende a Xefatura de Estudos e que o alumno deberá devolver asinada polos seus pais ou titores legais. Recibida a amoestación, só se considerarán xustificadas as faltas se o alumno presenta unha xustificación médica ou citación oficial que acredite a súa imposibilidade de asistencia ao centro.

2. Trala terceira amoestación, a Dirección do centro, despois de consultar ao equipo avaliador do alumno, decidirá se procede á apertura dun expediente disciplinario. O instrutor do expediente poderá propoñer como sanción correctora a perda do dereito de avaliación continua en todas as materias, ou por materias, se o alumno supera o seguinte número de faltas sen xustificar:
 - Trinta faltas para a perda do dereito de avaliación continua en todas as materias.
 - Cinco faltas para materias de catro horas de clase semanais.
 - Catro faltas para materias de tres horas de clase semanais.
 - Tres faltas para materias de dúas ou unha horas de clase semanais.

Os departamentos deberán recoller nas súas programacións a forma en que os alumnos que perdan o seu dereito de avaliación continua serán avaliados.

3. Analizada a situación familiar do alumno e estando este en idade obrigatoria de escolarización farase derivación ao Equipo de Intervención Familiar do Concello.

6.5.3.- PROGRAMAS REEDUCATIVOS

Os programa reeducativos complementarán moitas veces as sancións de expulsións ou de perda dos recreos. Teñen como fin facer recapacitar ao alumnado sobre os comportamentos que foron contrarios as normas. Consistirán

na elaboración de actividades nas que teñan que buscar información, reelaborala e facer un xuízo crítico sobre eses feitos ou condutas pouco desexables. Por exemplo: falsificación de documentos, consumo de drogas, uso de móbiles, furtos, etc.

6.5.4.-ACOSO ESCOLAR

O protocolo de actuación urxente ante un caso de acoso escolar será o seguinte:

ACTUACIÓN	CONSISTE EN...	RESPONSABLE	CANDO
1.Comunicación inmediata da situación ao equipo directivo		Axente da comunidade educativa que ten coñecemento da situación	No mesmo momento en que se ten coñecemento ou sospeita
2.Identificación da situación	Recoller: tipo de maltrato, persoas que interveñen, frecuencia, dende cando...	Equipo directivo e titor/a en colaboración co resto do profesorado	A partir de que se teña coñecemento dos feitos
3.Primeiras medidas no centro	Pór en marcha medidas que dean seguridade e protección ao menor vítima	Titor/a e equipo directivo	A partir de que se teña coñecemento dos feitos
4.Comunicación á familia	Informarlles sobre a situación e recollida de datos sobre os comportamentos do alumno/a.	Equipo directivo	No momento en que se teña coñecemento dos feitos e se apliquen as primeiras medidas
5.Información profesorado	Implicalos na busca de acosadores ou espectadores, observación e amparo do alumno vítima.	Responsable da convivencia Dpto. Orientación	Mentres se clarifican os feitos
6.Información á Comisión Convivencia do Centro e elaboración dun Plan	Consensuar un Plan de Actuación: recoller mais información, clarificar quen é o acosador ou acosadores,	Comisión de Convivencia	A partir das medidas previas

Plan de Convivencia - IES de Beade

Actuación	identificar posibles espectadores. Establecer sanciones e medidas reeducativas		
7. Control e seguimento do Plan de Actuación	Facer seguimento de que se cumpre o establecido no plan.	Responsable da convivencia Dpto. Orientación	Mentres se pon en marcha o plan
8. Derivación	Se a situación non mellora despois de posto o Plan de Intervención, derivaríase ben a servizos sociais ben a inspección educativa	Director/a	Ao final do Plan de intervención

6.6.- AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

O seguinte Plan de Convivencia será avaliado a través dos seguintes criterios de avaliación:

- Grao de consecución dos obxectivos e competencias básicos especificados.
- Grao de implicación dos axentes responsables na posta en práctica do Plan
- Descenso do número de condutas contrarias a convivencia en cada curso escolar.
- Grao de participación da comunidade educativa na elaboración de propostas para o Plan.
- Idoneidade das actividades realizadas en cada liña de intervención.
- Idoneidade dos recursos empregados na posta en práctica do plan
- Idoneidade da organización espacial e temporal das actividades levadas a cabo.
- Grao de satisfacción e implicación do alumnado en cada unha das actividades.
- Nivel de consenso na aplicación do Plan.

As técnicas e os instrumentos que podemos utilizar para avaliar o plan serán:

- Cuestionarios dos implicados nas actividades.
- Rexistro acumulativo das faltas do alumnado durante o curso.
- Enquisa aos membros da comunidade educativa do conxunto do plan ou de cada un dos ámbitos de intervención.
- Folla de rexistro das actividades levadas a cabo nas titorías presenciais cos titores.

A comisión de convivencia será a encargada de facer as conclusións da avaliación e a recompilación de propostas de mellora, que serán tidas en conta na Programación Xeral Anual do propio plan e do centro.